

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

Decreto 8/2007, do 10 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia supuxo o establecemento do réxime xurídico aplicable aos restaurantes e ás cafeterías, en desenvolvemento das prescricións contidas na Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia.

Tal e como se manifesta na exposición de motivos da dita norma, entre outras novidades, esta recolle os requisitos e condicións mínimas que deben cumprir os restaurantes segundo a categoría pretendida.

En concreto, o artigo 6 exige para todos os restaurantes a dispoñibilidade de secador de mans de aire quente e toallas dun só uso nos seus servizos hixiénicos pero, en consonancia co exposto no anexo III da norma, cómpre modificar o dito precepto no sentido de que os restaurantes de dous e un garfos unicamente teñan que dispoñer dun dos referidos servizos.

O mesmo artigo 6 tamén establece que os restaurantes de cinco, catro, tres e dous garfos deben dispoñer de carta de pratos e menús, ademais de en galego e castelán, polo menos en dous idiomas estranxeiros.

Non obstante, tanto a práctica habitual como a demanda do sector, revelan como excesiva esta exigencia para os restaurantes de dous garfos, polo tanto, semella máis axeitado que os idiomas requiridos para as cartas de pratos e menús destes establecementos sexan unicamente o galego e o castelán, considerando como opcionais o emprego doutros idiomas.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Innovación e Industria, e no uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do dez de xaneiro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 186/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes

e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia queda redactado como segue:

Un. O artigo 6.d).5 queda redactado do seguinte xeito:

«Os servizos hixiénicos da clientela deberán ser independentes para donas e cabaleiros, con auga quente e fría nos lavabos. Disporán de papel hixiénico, xabón, secador de mans de aire quente ou toallas dun só uso, colgadores, papeleiras e contedores específicos de hixiene feminina. Contarán como mínimo coas seguintes pezas: ata 75 prazas, un lavabo e un inodoro cada un. Máis de 75 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

Dous. O artigo 6.d).7 queda redactado do seguinte xeito:

«carta de pratos e menús en galego e castelán, polo menos».

Tres. O artigo 6.e).4 queda redactado do seguinte xeito:

«Os servizos hixiénicos da clientela deberán ser independentes para donas e cabaleiros, con auga quente e fría nos lavabos. Disporán de papel hixiénico, xabón, secador de mans de aire quente ou toallas dun só uso, colgadores, papeleiras e contedores específicos de hixiene feminina. Contarán como mínimo coas seguintes pezas: ata 100 prazas, un lavabo e un inodoro cada un. Máis de 100 prazas: por cada 75 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

Catro. Engádese un novo punto ao artigo 6, que queda redactado do seguinte xeito:

«carta de pratos e menús en galego e castelán, polo menos».

Cinco. O anexo III queda redactado do seguinte xeito:

«Instalacións e servizos: cartas de pratos e menús en varios idiomas.

5 garfos ou luxo: sí. Ademais de en galego e castelán, deberá ofrecerse polo menos en dous idiomas estranxeiros.

4 garfos: sí. Ademais de en galego e castelán, deberá ofrecerse polo menos en dous idiomas estranxeiros.

3 garfos: sí. Ademais de en galego e castelán, deberá ofrecerse polo menos en dous idiomas estranxeiros.

2 garfos: en galego e castelán, polo menos.

1 garfo: en galego e castelán, polo menos».

Catro. Engádese unha disposición adicional, que queda redactada do seguinte xeito:

«Facúltase o/a titular da consellería competente en materia de turismo para ditar as ordes oportunas para a modificación dos anexos I e II desta norma».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte o da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de xaneiro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Fernando X. Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 25 de xaneiro de 2007 pola que se crea un ficheiro de datos de carácter persoal da Secretaría Xeral de Comunicación (Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual).

A Secretaría Xeral de Comunicación, segundo o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é un órgano superior que depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Segundo o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual é o centro directivo adscrito á Secretaría Xeral de Comunicación ao cal lle corresponden a dirección e coordinación das actuacións en materia de telecomunicacións, audiovisual e multimedia e todos os aspectos que deriven da aplicación destas tecnoloxías no ámbito da comunicación.

A Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, leva a cabo diferentes programas e liñas de actuación no ámbito audiovisual e multimedia para fomentar o uso das tecnoloxías no eido da comunicación.

Tendo en conta isto, a Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, dispón dunha base de datos de persoas e entidades para que poidan recibir información e acceder a servizos promocionais do audiovisual dentro do ámbito das competencias da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

Os datos recollidos integraranse nun ficheiro que se crea por esta orde, de acordo co disposto no artigo 20.1º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou diario oficial correspondente.

En consecuencia, de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a creación do ficheiro de datos de carácter persoal da Secretaría Xeral de Comunicación (Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual), denominado Directorio de Promoción do Audiovisual Galego.

Artigo 2º.-Finalidade do ficheiro e usos previstos.

Creación dunha base de datos de entidades e persoas coa finalidade de recibir información e servizos de promoción do audiovisual galego por parte da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual a través da internet, correo postal e telefonía e realizacións de estatísticas.

Artigo 3º.-Persoas ou colectivos sobre os cales se pretenda obter datos de carácter persoal.

Persoas e entidades en xeral, con interese no sector audiovisual galego.

Artigo 4º.-Procedemento de recolla de datos de carácter persoal.

Transmisión electrónica de datos vía internet a través dos portais web da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

Artigo 5º.-Estrutura básica do ficheiro e tipoloxía de datos de carácter persoal incluídos.

a) Datos de carácter identificativo (nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, correo electrónico). b) Datos de características persoais (datos de familia, data e lugar de nacemento, sexo, nacionalidade). c) Datos académicos e profesionais (formación, titulacións). d) Datos de detalles de emprego (traballador autónomo ou por conta allea, desempregado, xubilado).

Artigo 6º.-Cesión de datos de carácter persoal.

Non se prevén cesións.

Artigo 7º.-Órgano administrativo responsable do ficheiro.

Secretaría Xeral de Comunicación.

Artigo 8º.-Unidade ante a cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual adscrita á Secretaría Xeral de Comunicación.

Artigo 9º.-Medidas de seguranza exixibles.

Nivel básico.

Disposición adicional

En caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas, aplicarase, ademais, o disposto na normativa vixente sobre materia estatística.